



PREGO DE CONDICIÓNS PARA A ADXUDICACIÓN DE CASSETAS MÓBILES PARA TEMPADA ESTIVAL

1.- OBXETO DO CONTRATO.

Constitúe o obxecto do contrato a cesión de uso de TRES casetas móbiles, propiedade do concello de Barreiros, durante a tempada estival (15 de xuño a 15 de setembro).

As casetas adxudicaranse con ubicación libre, si ben os adxudicatarios deberán contar coas autorizacións correspondentes para a súa ubicación.

O transporte das casetas dende a nave municipal á súa ubicación definitiva será por conta do adxudicatario.

2.- NATUREZA XURÍDICA.

Tratase dunha cesión de uso temporal de bens patrimoniais de titularidade municipal.

Independientemente dos dereitos e obrigas comprendidos no presente prego, o adxudicatario queda sometido a calquera norma xurídica de ámbito municipal, autonómico ou estatal en vigor ou que poda ditarse, que afecte ó obxecto e contido da cesión.

A autorización considerarase outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade ou calquera outro dereito real que poda existir sobre os terreos obxecto da ocupación.

3.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O procedemento a seguir será o ABERTO, para posibilitar que todo interesado poda presentar unha proposición.

4.- PRAZO DA CONCESION.

A cesión será pola tempada estival, dende o 15 de xuño ó 15 de setembro.

O concello por razóns de interese público poderá suprimir a cesión, previo o oportuno expediente.

5.- CANON A SATISFACER Ó CONCELLO.

Os licitadores interesados ofrecerán, conforme ó modelo de proposición que se inxire ó final do presente prego, o canon a abonar ó concello de Barreiros, que en ningún caso podrá ser inferior a **CEN EUROS (100 €)**.

6.- INSTALACIÓNS, MANTEMENTO, REPARACIÓNS E REPOSICIÓNS.



- a) O adxudicatario deberá aportar todos os elementos necesarios para exercer a actividade que corresponda dentro da correspondente caseta, que deberán ser retirados polo mesmo á finalización da cesión, ó obxecto de deixar os bens no seu estado orixinario.
- b) As reparacións que deban efectuarse debido a averías imputables ó uso dos elementos será a cargo do adxudicatario.
- c) Os traballos de mantemento e conservación dos espazos ocupados polas instalacións serán executados polo adxudicatario do presente contrato.
- d) O adxudicatario non poderá realizar cambios nas instalación ou no seu entorno, salvo casos de necesidade técnica debidamente xustificadas e aprobados polos técnicos municipais.
- e) Os gastos de consumo de electricidade, serán de cargo do adxudicatario. Instalarase un contador individual para cada caseta con este fin. O custo será o que teña o concello nese suministro durante a época de consumo. O adxudicatario deberá depositar unha fianza de 100 € ó inicio do contrato para garantir o pago destes gastos.
- f) Non se poderán almacenar na caseta produtos inflamables, gases ou calquera outro de carácter perigoso, sendo responsable o adxudicatario dos danos que poidese causar o incumplimento neste punto.
- g) Será por conta do adxudicatario o orde e a limpeza diarios das zonas onde se ubique a instalación, así como o seu entorno inmediato. Queda prohibida a utilización de produtos ou materiais ácidos, corrosivos, abrasivos ou deslizantes, ou ben que na súa aplicación produza estes efectos. Calquera deterioro nas dependencias ou instalación que se deriven directamente do uso destes produtos obrigará ó adxudicatario a repoñer ou reparar os deterioros ó seu cargo.
- h) Calquera deterioro do espazo público onde se ubique a caseta e o seu entorno, que sexa consecuencia desta actividade, deberá ser reparado polo adxudicatario antes da finalización da cesión.

7.- CONDICIÓN HIXIÉNICO-SANITARIAS.

Será esixible ós alimentos e bebidas que se expidan o cumprimento das condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria estipuladas nas disposicións vixentes. Para isto:

- Existirá un lugar separado para o almacenamento de residuos e lixo. Asimesmo, existirán elementos de recollida de lixo que impidan ensuciar o espazo público.
- Todos os produtos alimenticios se depositarán en estanterías de forma que se impida o contacto co chan.
- As mesas, bandexas ou estanterías, superficies de traballo ou calquera clase de recipiente, serán de material liso, anticorrosivo, de fácil limpeza e desinfección e que non transmita propiedades nocivas ou orixine reaccións químicas.
- As instalación deberán manterse nas debidas condicións de limpeza e desinfectarse periódicamente.
- Prohíbese a permanencia e estancia de animais domésticos nas instalación.
- Existirán dispositivos dosificadores e envolturas individuais, segundo dos casos, para os elementos a disposición dos clientes, tales como servilletas, palillos,
- Deberá evitarse tocar os alimentos coas mans, empregaranse na medida do posible utensilios axeitados a cada tarefa (pinzas, cucharas, ...).



8.- DESALOJO E REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Ó extinguirse a cesión de uso, independentemente da causa que o orixine, o adxudicatario queda obrigado a deixar libre e a disposición do concello a caseta correspondente, dentro do prazo de quince días sin necesidade de requerimento algún.

O adxudicatario reconece a potestade do concello para acordar e executar o lanzamento por propia autoridade e sin necesidade de apercibimento ou requerimento algún cando, tanscorrido o prazo indicado, os bens non quedasen a libre disposición do concello.

9.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

- A caseta deberá ser transportada e instalada polo adxudicatario.
- Deberase explotar directamente a actividade polo adxudicatario, sin que poda subrogar a ningunha persoa, arrendar, subarrendar ou ceder, directa ou indirectamente, en todo ou en parte a explotación, salvo que por causa xustificada, que será apreciada libremente polo concello, se autorice a subrogación a favor dun terceiro, o cal asumirá todos os dereitos e obrigas derivados do contrato. Non obstante será lícito que a actividade poda ser exercida por familiares do adxudicatario.
- No seu caso, tomar ó seu servizo o persoal que precise, co que concertará os correspondentes contratos de traballo. O adxudicatario será responsable de forma exclusiva do pago das obrigas laborais e tributarias do persoal que no seu caso se contrate, sin que dito persoal teña relación algunha co concello de Barreiros.
- Colocar e manter en lugar ben visible a lista de prezos selada.
- Ter a disposición dos usuarios o modelo de folla oficial de reclamacións, cuxa existencia se anunciará en lugar fácilmente visible polos mesmos, quedando obrigado a dar conta ó concello, dentro das 24 horas seguintes, de cada reclamación que conste na mesma.
- Conservar o espazo ocupado e as instalación en bon estado de seguridade, salubridade e ornato público.
- Efectuar o pago do canon na forma que se acorde.
- Contar con un seguro de responsabilidade civil cun importe mínimo de 50.000 € para facer fronte ás posibles responsabilidades ante terceiros polo funcionamento da actividade.

10.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

- Exercer a actividade nos termos previstos neste prego e na oferta realizada.
- Usar a caseta de forma privativa para exercer a actividade para a que está autorizado e ser mantido neste uso e disfrute mentres o contrato estea en vigor.
- Percibir do público usuario da actividade o importe dos artigos á venda, conforme ós prezos fixados en cada artigo.
- Obter compensación económica do concello polos danos e prexuízos que ocasione ó adxudicatario a supresión da explotación, salvo por motivos de interese público debidamente acreditados. Neste caso corresponderalle ó contratista a proba da



determinación e cuantificación dos danos e prexuízos que invoque, que teñen que ser concretos e actuais.

11.- DEREITOS E DEBERES DO CONCELLO.

- O concello ten as prerrogativas para interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para coñecer as cuestións que podan suscitarse en orde á concesión.
- O concello terá dereito a reubicar a localización das instalacións, por razóns de interese público, sin que se xenere dereito algún a indemnización.
- O concello queda obrigado a manter ó concesionario no uso e disfrute dos dereitos concedidos, e indemnízalo nos casos en que proceda.

12.- INSPECCIONES.

O concello reservase a potestade de inspeccionar e vixiar as condicións técnicas e hixiénico-sanitarias das instalacións, os produtos ofertados e o persoal contratado, no seu caso, así como o cumprimento de todas as obrigas establecidas neste prego.

13. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

- a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. No caso de persoas físicas, copia do DNI.
- b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.



2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar** da Lei de Contratos do Sector Público, realizarase mediante unha declaración xurada.

14. PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

As ofertas presentaranse no Concello de Barreiros, C/ Vila nº 63, en horario de atención ao público, dentro do prazo de **DEZ DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*.

As proposicións poderán presentarse, por correo ou por outros medios, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, o remitente deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

Os interesados poderán consultar e obter fotocopias do presente Prego, así como solicitar cantas aclaracións consideren pertinentes desde a publicación da convocatoria da licitación ata o día en que finalice o prazo de presentación de proposicións, solicitándoo no Concello, en días e horas de oficina.

As proposicións para tomar parte na licitación, presentaranse nun sobre pechado, asinado polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «CASETAS PARA TEMPORADA ESTIVAL. ».

Os documentos a incluír no sobre deberán ser orixinais ou copias compulsadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro do sobre incluírse os seguintes documentos:

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do licitador (DNI, escritura de constitución de empresa, CIF,...)

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia



notarial do poder de representación.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas na Lei de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo licitador a cuxo favor se vaia efectuar esta. (Anexo I).

d) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

d) Proposición económica. Presentarase conforme ao modelo que se inclúe no anexo II.

15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase o CANON OFERTADO respectando sempre o canon anual mínimo de 100 € establecido no prego. Si se producen empates realizarase unha negociación presencial cos interesados que se atopen nesa situación ata chegar a unha adxudicación definitiva.

16. ORGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local.

17. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación reunirse trala finalización do prazo de presentación das proposicións, e procederá á apertura dos Sobres, cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos e valoraranse as ofertas económicas recibidas.

Si se detectasen erros ou omisións na documentación presentada, a Mesa concederá un prazo de sete días para correxir as deficiencias, si fosen subsanables, en caso de non selo, excluírase ó licitador que non cumpra cos requisitos.



Unha vez vistas as ofertas económicas, requirirase ó licitador ou licitadores que obtivesen maior valoración, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquél en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de hacharse o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

De non cumpríntase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que tiveran quedado clasificadas as ofertas.

18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato considérase formalizado co pago do canon establecido que presupón a aceptación por parte do licitador da adxudicación do contrato.

19. FACULTADE DA CORPORACION DE DEIXAR SIN EFECTO O CONTRATO.

O concello reservase a facultade de deixar sin efecto o contrato, antes de cumprirse o prazo polo que se outorga, si así o xustifican causas sobrevenidas de interese público, en cuxo suposto procederá a devolución da parte proporcional adiantada do canon satisfeito, sin dereito a ningunha outra clase de indemnización.

Quedarán extinguido o contrato:

A_ Por renuncia voluntaria do seu titular a seguir exercendo a actividade obxecto deste prego.

B_ A falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento das obrigas do adxudicatario, declarados polo órgano que otorgou a mesma.

C_ Mutuo acordo entre o concello e o adxudicatario.

D_ Caducidade por vencemento do prazo da cesión.

E_ Falecemento, incapacidade, suspensión de pagos ou quiebra do adxudicatario, sin que exista dereito a indemnización algunha.

F_ Cando de forma sobrevenida ó momento da formalización do contrato, o titular incurra en algún dos supostos do art. 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para contratar coa Administración.

20. REXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a lexislación de contratos do sector público e a restante lexislación non derogada polas disposicións vixentes en materia de contratación local.; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Teléf. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

Ademais, o presente contrato está regulado pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D/D^a _____,
con DNI n.º _____, con domicilio a efecto de notificacións en

_____, cp
_____, personalmente (ou en representación da Entidade
_____ con CIF n.º
_____),

DECLARA:

I.- Que no está comprendido en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas na Lei de Contratos do Sector Público.

II.- Que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

En Barreiros, a ___ de _____ de 2019.

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____.

ANEXO II. PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D/D^a _____,
con DNI n.º _____, con domicilio a efecto de notificacións en

_____, cp
_____, personalmente (ou en representación da
Entidade _____, con CIF n.º
_____), informado da convocatoria de oferta, para a cesión de uso temporal de casetas de titularidade municipal para a tempada estival, fago constar que coñezo o Prego que serve de base á adxudicación e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a abonar un CANON DE € pola tempada do ano 2019.

En Barreiros, a ___ de _____ de 2019.

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____.